PRIMEIRO EXERCICIO DO PROCESO SELECTIVO PARA O INGRESO NO CORPO SUBALTERNO DA XUNTA DE GALICIA (GRUPO E) CONVOCADO POLA ORDE DO 1/12/2005

CUESTIONARIO B

1.- De acordo co artigo 22, punto 4, da Constitución Española, as asociacións:

a) Só poderán ser disoltas ou suspendidas nas súas actividades en virtude de resolución administrativa.
b) Non só poderán ser disoltas ou suspendidas nas súas actividades en virtude de resolución xudicial senón en calquera outra situación excepcional expresamente prevista na lei.
c) Só poderán ser disoltas ou suspendidas nas súas actividades en virtude de resolución xudicial motivada.
d) Só poderán ser disoltas ou suspendidas nas súas actividades en virtude de resolución xudicial logo do informe preceptivo do avogado/a do Estado.

2.- A iniciativa lexislativa popular esixe:

a) Non menos de cincocentas mil sinaturas acreditadas.
b) Non menos de catrocentas mil sinaturas acreditadas.
c) Non menos de seiscentas mil sinaturas acreditadas.
d) Non se esixe ningún mínimo de sinaturas, abonda coa esixencia de que sumen un número considerable de sinaturas que, en todo caso, deberán ser acreditadas.

3.- A detención preventiva, de acordo co artigo 17 da Constitución Española:

a) A súa duración será determinada por lei.
b) Non poderá durar máis de corenta e oito horas.
c) Non poderá durar máis de setenta e dúas horas.
d) Durará, en todo caso, o necesario para a realización das pescudas tendentes ao esclarecemento dos feitos.

4.- A Constitución Española garante o segredo das comunicacións:

a) En todo caso.
b) Unicamente as postais, telefónicas e telegráficas.
c) Especialmente as postais, telefónicas e telegráficas, agás resolución xudicial.
d) Agás as telefónicas.

5.- O condenado a pena de prisión, de acordo coa Constitución Española:

a) Ten dereito en todo caso, a un traballo remunerado e aos beneficios correspondentes á Seguridade Social, así como ao acceso á cultura.
b) Unicamente ten os dereitos expresados na letra a), nos casos nos que non sexan expresamente limitados polo contido do fallo condenatorio, o sentido da pena e a lei penitenciaria.
c) Gozará dos dereitos fundamentais regulados no Capítulo II da Constitución Española en todo caso.
d) Ten dereito en todo caso, aos beneficios da Seguridade Social pero non a un traballo remunerado.

6.- O artigo 134.3 da Constitución Española determina que o goberno deberá presentar ante o Congreso dos Deputados os Orzamentos Xerais do Estado cando menos:

a) Dous meses antes da expiración dos do ano anterior.
b) Un mes antes da expiración dos do ano anterior.
c) Tres meses antes da expiración dos do ano anterior.
d) Un mes e medio antes da expiración dos do ano anterior.

7.- O presidente/a do Tribunal Constitucional:

a) Será nomeado entre os seus membros polo Rei, a proposta do mesmo Tribunal en pleno e por un período de catro anos.
b) Será nomeado entre os seus membros polo Consello de Ministros, a proposta do mesmo Tribunal en pleno e por un período de tres anos.
c) Será nomeado entre os seus membros polo Rei, a proposta do Consello Xeral do Poder Xudicial e por un período de dous anos.
d) Será nomeado entre os seus membros polo Rei, a proposta do mesmo Tribunal en pleno e por un período de tres anos.

8.- Os deputados/as que se precisan para plantexar a iniciativa de acusación aos membros do goberno se é por traizón ou por calquera delicto contra a seguridade do Estado, son:

a) A maioría absoluta do Congreso dos Deputados.
b) A cuarta parte dos membros do Congreso dos Deputados.
c) A décima parte das Cortes Xerais.
d) O Congreso non pode autorizar o procesamento, senón o Tribunal Supremo.

9.- ¿A quen corresponde a fixación da delimitación das demarcacións territoriais dos órganos xurisdiccionais en Galicia?:

a) Ao Parlamento de Galicia.
b) Ao Presidente/a da Xunta de Galicia.
c) Á Comunidade Autónoma de Galicia.
d) Ao Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

10.- A lingua propia de Galicia é:

a) O galego.
b) O castelán.
c) O galego e o castelán.
d) Ningunha das respostas anteriores é correcta.

11.- A alteración de termos municipais comprendidos dentro do territorio galego é:

a) Unha competencia exclusiva do Estado.
b) Unha competencia compartida.
c) Unha competencia do Estado delegada na Comunidade Autónoma de Galicia.
d) Unha competencia exclusiva da Comunidade Autónoma de Galicia.

12.- O Parlamento de Galicia:

a) Exerce a potestade regulamentaria da Comunidade Autónoma.
b) Exerce a potestade lexislativa da Comunidade Autónoma e controla a acción executiva da Xunta.
c) Exerce unicamente a potestade lexislativa.
d) Exerce a potestade lexislativa da Comunidade Autónoma e controla a acción xudicial.

13.- O Parlamento de Galicia poderá:

a) Delegar na Xunta de Galicia a potestade de ditar normas con rango de lei, que terán a forma de decretos lexislativos.
b) Delegar na Xunta de Galicia a aprobación dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma.
c) Delegar na Xunta de Galicia a potestade de ditar normas con rango de lei de desenvolvemento básico do Estatuto de Autonomía.
d) Delegar na Xunta de Galicia a regulación do réxime electoral xeral.

14.- Non é competencia exclusiva da Comunidade Autónoma de Galicia:

a) Ordenación do sector pesqueiro.
b) Pesca fluvial e lacustre.
c) Portos de refuxio e deportivos.
d) Todas son competencia exclusiva.

15.- A reforma do Estatuto de Autonomía de Galicia:

a) Require aprobación por maioría de dous tercios do Parlamento de Galicia.
b) Require a aprobación da Xunta de Galicia e a aprobación do Parlamento Galego por maioría de dous tercios.
c) Require aprobación por maioría absoluta do Parlamento de Galicia.
d) Require aprobación por maioría absoluta do Parlamento de Galicia e aprobación por maioría de dous tercios das Cortes Xerais.

16.- Segundo o Estatuto de Autonomía para Galicia, os poderes públicos da Comunidade Autónoma asumen como un dos principios rectores da súa política social e económica:

a) A defensa da identidade de Galicia e dos seus intereses.
b) A creación de institucións que fomenten a plena ocupación e o desenvolvemento económico e social.
c) O dereito dos galegos a vivir e traballar na súa propia terra.
d) Ningunha das respostas anteriores é correcta.

17.- Sinale cal das seguintes institucións, non é unha Administración Pública:

a) A Mancomunidade de Municipios do Salnés.
b) O Parlamento de Galicia.
c) O Concello de Santiago de Compostela.
d) A Deputación Provincial de Ourense.

18.- Segundo o artigo 22 da Lei 6/1997, do 14 de abril, o/a Delegado/a do Goberno en Galicia depende do/a:

a) Presidencia do Goberno.
b) Ministerio do Interior.
c) Presidencia da Xunta de Galicia.
d) Ministerio para as Administracións Públicas.

19.- A estrutura orgánica da Xunta de Galicia en vigor determínase por un decreto de:

a) Agosto de 2004.
b) Agosto de 2005.
c) Setembro de 2005.
d) Xaneiro de 2006.

20.- O nomeamento dun/ha conselleiro/a correspóndelle:

a) Ao Consello da Xunta de Galicia.
b) Ao Presidente/a da Xunta de Galicia.
c) Ao Parlamento de Galicia.
d) Ao Vicepresidente/a da Xunta de Galicia.

21.- O orzamento da Comunidade Autónoma:

a) O elabora, controla e aproba o Parlamento de Galicia.
b) O elabora a Xunta ou Goberno e as Deputacións Provinciais e o aproba o Parlamento de Galicia.
c) O elabora, controla e aproba a Xunta de Galicia.
d) O elabora a Xunta ou Goberno, e o aproba e controla o Parlamento de Galicia.

22.- Sinale de cal destas atribucións non está investido un conselleiro/a:

a) Asinar, en nome da Xunta de Galicia, os contratos relativos a asuntos propios da súa consellería.
b) Plantexar ante o Parlamento de Galicia, a cuestión de confianza.
c) Exercer a iniciativa, dirección e inspección de todos os servizos da consellería e a alta inspección e demais funcións que lle correspondan respecto dos Organismos autónomos adscritos a esta.
d) Exercer a potestade regulamentaria en materias da súa consellería.

23.- O Consello da Xunta de Galicia:

a) Pode delegar funcións administrativas que teña encomendadas nas Comisións Delegadas, que terán que ser publicadas no Diario Oficial de Galicia.
b) Pode delegar competencias administrativas que teña encomendadas nas Comisións Delegadas, sen necesidade de ser publicadas no Diario Oficial de Galicia.
c) Non pode delegar funcións administrativas nas Comisións Delegadas.
d) Unicamente pode delegar a competencia para resolver recursos administrativos interpostos contra actos e resolucións ditadas polo Consello da Xunta.

24.- A "Secretaría Xeral de Comunicación" depende:

a) Da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.
b) Da Consellería de Cultura e Deporte.
c) Directamente do/a Presidente/a da Xunta de Galicia.
d) Non existe este órgano.

25.- A delegación lexislativa do Parlamento á Xunta de Galicia:

a) Outorgarase de forma expresa para unha materia concreta ou grupo de materias, e con carácter xeral fixando un prazo para o seu exercicio.
b) Outorgarase de forma xenérica, fixando un prazo para o seu exercicio, podendo, non obstante, entenderse concedida por tempo indeterminado, para o caso de que non se especificara un prazo concreto.
c) Outorgarase en forma expresa para materia concreta e con fixación do prazo para o seu exercicio, sen que poda entenderse concedida de forma implícita nin por tempo indeterminado.
d) Poderá permitir a subdelegación a prol de autoridades distintas da propia Xunta.

26.- En caso de ausencia ou enfermidade dun/ha conselleiro/a autonómico, o seu substituto/a será:

a) O que o propio/a conselleiro/a acorde.
b) O que acorde o/a Presidente/a da Xunta de Galicia.
c) O que decida o Consello da Xunta de Galicia.
d) O titular da Secretaría Xeral.

27.- A creación dun rexistro auxiliar farase por:

a) Resolución da Dirección Xeral da Calidade e Avaliación das Políticas Públicas.
b) Orde da Consellería correspondente.
c) Orde conxunta da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e a Consellería correspondente.
d) Decreto do Consello da Xunta de Galicia.

28.- Unha das seguintes afirmacións é falsa:

a) Son actividades propias dos rexistros da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia a de recepción de solicitudes, escritos e comunicacións presentadas polos cidadáns, así como dos documentos que os acompañen dirixidos ás administracións públicas.
b) Son actividades propias dos rexistros da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia a expedición de recibos de presentación de solicitudes, escritos e comunicacións.
c) Non son actividades propias dos rexistros da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia emitir certificacións das solicitudes, escritos e comunicacións que se presenten.
d) Son actividades propias dos rexistros da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia a anotación de asentos de entrada e saída das solicitudes, escritos e comunicacións.

29.- ¿Cómo procederá a unidade administrativa se un/ha usuario/a presenta unha solicitude mediante rexistro, sen copia?:

a) En todo caso se lle fará copia debidamente selada.
b) Faráselle recibo acreditativo da presentación.
c) Permíteselle ao usuario/a que opte por calquera das opcións anteriores.
d) É o rexistro o que opta entre facer a copia ou expedirlle o recibo.

30.- Un regulamento que desenvolve unha norma legal é:

a) Executivo.
b) Independente.
c) Autónomo.
d) De necesidade.

31.- O Goberno poderá ditar disposicións lexislativas provisionais sobre:

a) O dereito electoral xeral.
b) O ordenamento das institucións básicas do Estado.
c) As materias tributarias.
d) Os dereitos, deberes e liberdades dos cidadáns.

32.- A non validación polo Congreso dos Deputados dun decreto-lei implica que:

a) Debe tramitarse como lei polo procedemento de urxencia.
b) Non produce efectos desde que se ditou.
c) Queda derrogado.
d) Debe aprobarse como decreto lexislativo.

33.- Segundo o artigo 83 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, os informes serán, agás disposición expresa en contrario:

a) Preceptivos e facultativos.
b) Vinculantes e preceptivos.
c) Facultativos e non vinculantes.
d) Preceptivos e non vinculantes.

34.- Indique cal dos seguintes, non é unha forma de iniciación do procedemento administrativo:

a) A solicitude de persoa interesada.
b) De oficio por acordo do órgano competente, por orde doutro órgano.
c) De oficio por acordo do órgano competente, como consecuencia de orde superior.
d) De oficio por acordo do órgano competente, como consecuencia de denuncia.

35.- O procedemento administrativo:

a) Impulsarase de oficio ou a instancia de parte.
b) Impulsarase de oficio, ou como consecuencia de orde superior.
c) Impulsarase de oficio polo órgano competente ou por petición razoada doutro órgano.
d) Impulsarase de oficio en todos os seus trámites e sometido ao criterio de celeridade.

36.- Segundo o recollido no artigo 13 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común:

a) Os órganos das diferentes administracións públicas poderán delegar o exercicio das competencias que teñan atribuídas noutros órganos da mesma administración, aínda que non sexan xerarquicamente dependentes, ou das entidades de dereito público vinculadas ou dependentes daquelas.
b) Os órganos das diferentes administracións públicas poderán delegar o exercicio das competencias que teñan atribuídas noutros órganos da mesma Administración, sempre que sexan xerarquicamente dependentes, ou das entidades de dereito público vinculadas ou dependentes daquelas.
c) Os órganos das diferentes administracións públicas poderán delegar o exercicio das competencias que teñan atribuídas noutros órganos da mesma Administración, aínda que non sexan xerarquicamente dependentes, pero non das entidades de dereito público vinculadas ou dependentes daquelas.
d) Os órganos das diferentes administracións públicas só poderán delegar o exercicio das competencias que teñan atribuídas noutros órganos da mesma Administración, sempre que sexan xerarquicamente dependentes, ou das entidades de dereito público dependentes ou non daquelas.

37.- Conforme ao artigo 42.2 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común:

a) O prazo máximo no que debe notificarse a resolución expresa será o fixado pola norma reguladora do correspondente procedemento. Este prazo non poderá exceder de seis meses, agás que unha norma con rango de lei estableza un maior ou así veña previsto na normativa comunitaria europea.
b) O prazo máximo no que debe notificarse a resolución expresa será o fixado pola norma reguladora do correspondente procedemento. Este prazo non poderá exceder de catro meses, agás que unha norma regulamentaria estableza un maior ou así veña previsto na normativa comunitaria europea.
c) O prazo máximo no que debe notificarse a resolución expresa será o fixado pola norma reguladora do correspondente procedemento. Este prazo non poderá exceder de seis meses, agás que unha norma regulamentaria estableza un maior ou así veña previsto na normativa comunitaria europea.
d) O prazo máximo no que debe notificarse a resolución expresa será o fixado pola norma reguladora do correspondente procedemento. Este prazo non poderá exceder de dous meses, agás que unha norma con rango de lei estableza un maior ou así veña previsto na normativa comunitaria europea.

38.- ¿Terán dereito a coñecer o estado de tramitación os/as interesados/as nun procedemento administrativo?:

a) Non, en ningún momento.
b) Si, antes do trámite de audiencia do/a interesado/a.
c) Si, en calquera momento.
d) Si, mediante solicitude cursada ao órgano que tramita o procedemento.

39.- A lingua dos procedementos tramitados pola Administración Xeral do Estado será:

a) Sempre o castelán e a lingua cooficial da Comunidade Autónoma na que se tramita o expediente.
b) O castelán.
c) A lingua cooficial da Comunidade Autónoma na que se tramita o expediente.
d) O castelán ou a lingua cooficial da Comunidade Autónoma na que se tramita o expediente, se a elixise o/a interesado/a.

40.- ¿Cal das seguintes afirmacións non é correcta respecto do cómputo de prazos establecido no artigo 48 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común?:

a) Cando o último día do prazo sexa inhábil, entenderase prorrogado ao primeiro día hábil seguinte.
b) A declaración dun día como hábil ou inhábil a efectos do cómputo de prazos non determina por si só o funcionamento dos centros de traballo das administracións públicas, a organización do tempo de traballo nin o acceso dos cidadáns aos rexistros.
c) Cando un día fose hábil no municipio ou Comunidade Autónoma no que residise o/a interesado/a, e inhábil na sede do órgano administrativo, ou á inversa, considerarase inhábil en todo caso.
d) Se o prazo se fixa en meses ou anos, estes computaranse dende o mesmo día a aquel no que teña lugar a notificación ou publicación do acto de que se trate, ou desde o seguinte a aquel no que se produza a estimación ou desestimación por silencio administrativo.

41.- Respecto dos dereitos dos cidadáns nas súas relacións coas Administracións Públicas, unha das seguintes afirmacións non é correcta:

a) Os cidadáns teñen dereito a non presentaren documentos que xa se encontren en poder da Administración actuante.
b) Os cidadáns teñen dereito a obteren copias de documentos contidos nos procedementos nos que teñan a condición de interesados/as.
c) Os cidadáns teñen dereito a obteren copia selada dos documentos que presenten, achegándoa xunto cos orixinais.
d) Os cidadáns teñen, en todo caso, dereito á devolución dos documentos orixinais que presenten.

42.- De acordo coa Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, ¿quen ten dereito a coñecer, en calquera momento, o estado de tramitación dun procedemento?:

a) Os que o promovan como titulares de dereitos ou intereses lexítimos individuais ou colectivos.
b) Os que teñan algún interese no asunto.
c) Todos aqueles cidadáns que o pidan individualmente e detallando que parte do procedemento desexan coñecer.
d) Todas as respostas anteriores son correctas.

43.- Segundo a Lei da Función Pública de Galicia, ¿cál das seguintes licenzas require para a súa concesión informe favorable do superior xerárquico?:

a) A licenza por asuntos propios.
b) A licenza por enfermidade.
c) A licenza para a realización de estudos sobre materias directamente relacionadas coa administración pública.
d) A licenza para concorrer a exames finais en centros oficiais.

44.- No caso de excedencia concedida a un/unha funcionario/a da Comunidade Autónoma de Galicia para o coidado dun/ha fillo/a, este funcionario/a terá dereito a:

a) Reserva do posto de traballo que desempeñaba durante todo o tempo que dure a situación de excedencia, cando sexa familia numerosa de categoría xeral.
b) Reserva dun posto na mesma localidade e de igual nivel de retribución transcorridos os dous primeiros anos da situación de excedencia, se se trata de familia numerosa de categoría especial.
c) Reserva do posto de traballo que desempeñaba ata un máximo de quince meses cando sexa familia numerosa de categoría xeral.
d) Reserva do posto de traballo que desempeñaba durante todo o tempo que dure a excedencia sempre que se trate de familia numerosa de categoría especial.

45.- Os funcionarios/as en expectativa de destino percibirán:

a) As retribucións básicas e o complemento de destino do grao persoal que lles corresponda.
b) As retribucións básicas, o complemento de destino do grao persoal que lles corresponda e o 50% do complemento específico do posto que desempeñaban ao pasar a esta situación.
c) As retribucións básicas e o 50% do complemento específico do posto que desempeñaban ao pasar a esta situación.
d) As retribucións básicas así como o complemento de destino e o 50% do complemento específico do posto que desempeñaban ao pasar a esta situación.

46.- Segundo a Lei da Función Pública de Galicia, os/as funcionarios/as cando sexan adscritos aos servizos do Valedor do Pobo pasarán á situación de:

a) Excedencia voluntaria por incompatibilidade.
b) Servizos noutra Administración Pública.
c) Excedencia voluntaria por interese particular.
d) Servizos especiais.

47.- ¿Qué concepto retributivo non pode, por imperativo legal, ser fixo na súa contía nin periódico no seu vencemento?:

a) As pagas extraordinarias.
b) O complemento de produtividade.
c) As gratificacións por servizos extraordinarios.
d) Os trienios.

48.- Indique cal dos seguintes, non forma parte do Sistema de Información Administrativa e Atención ó Cidadán, de conformidade co artigo 17 do Decreto 164/2005:

a) As Webs da Xunta de Galicia no enderezo: http://www.xunta.es.
b) As oficinas comarcais da Xunta de Galicia.
c) A rede de portelo único coa Administración Local.
d) O teléfono do neno.

49.- As actuacións realizadas polos empregados públicos do Sistema de Información Administrativa e Atención ao Cidadán:

a) Teñen carácter informativo e entrañan unha interpretación normativa de conformidade co establecido no artigo 37.10 da Lei 30/1992.
b) Teñen carácter informativo e interrompen o cómputo de prazos se a información non é facilitada nos prazos establecidos no artigo 23 do Decreto 164/2005.
c) Teñen carácter informativo e non poden ser invocadas a efectos de interrupción ou suspensión de prazos, caducidade ou prescrición.
d) Teñen carácter informativo para o cidadán e vinculante para a Administración.

50.- Segundo o artigo 15 do Decreto 164/2005, do 16 de xuño, polo que se regulan e determinan as oficinas de rexistro propias ou concertadas da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia, se crea o Rexistro Telemático da Xunta de Galicia e se regula a atención ao cidadán:

a) A presentación das distintas solicitudes, escritos ou comunicacións perante as oficinas de rexistros propias ou concertadas só se poderá efectuar en soporte papel.
b) A presentación das distintas solicitudes, escritos ou comunicacións perante as oficinas de rexistros propias ou concertadas poderase efectuar en soporte papel, ou por medios informáticos.
c) A presentación das distintas solicitudes, escritos ou comunicacións perante as oficinas de rexistros propias ou concertadas poderase efectuar en soporte papel, ou por medios informáticos, electrónicos ou telemáticos.
d) A presentación das distintas solicitudes, escritos ou comunicacións perante as oficinas de rexistros propias ou concertadas poderase efectuar en soporte papel, ou por medios telemáticos.

PREGUNTAS DE RESERVA

51.- Un dos seguintes dereitos non é un dereito fundamental:

a) O dereito á protección da saúde.
b) O dereito de asociación.
c) O dereito á producción e creación literaria, artística, científica e técnica.
d) O dereito de petición.

52.- Segundo o Estatuto de Autonomía de Galicia, no artigo 5.1, os idiomas galego e castelán son oficiais en Galicia e todos teñen:

a) O dereito de coñecelos e usalos.
b) O deber de coñecelos e o dereito a usalos.
c) O dereito a coñecelos e o deber de usalos.
d) O deber de coñecelos e usalos.

53.- Segundo a Lei da Función Pública de Galicia, son retribucións básicas dos/as funcionarios/as:

a) O soldo, os trienios e o complemento de destino.
b) O soldo e os trienios.
c) O soldo, os trienios e o complemento de productividade.
d) O soldo, os trienios e as pagas extraordinarias.